

Cóñece ao noso equipo: SANTIAGO LAGO PEÑAS, *Coordinador do Grupo GEN*

Santiago Lago Peñas licenciouse en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela en 1994, obtivo o título de Doutor con premio extraordinario na mesma Universidade en 1998 e dende 2011 é Catedrático de Economía Aplicada na Universidade de Vigo. Foi tamén investigador e profesor visitante en diversas universidades e centros internacionais.

Actualmente dirixe o grupo de investigación GEN (*Governance and Economics Research Network*), da Universidade de Vigo, e o Foro Económico de Galicia, e é editor asociado de revistas *Hacienda Pública Española / Review of Public Economics*, investigador asociado do *Institut d'Economia* de Barcelona, colaborador de FUNCAS, codirector da Rede RIFDE e director da Cátedra de Empresa Familiar da Universidade de Vigo. É membro da Comisión de expertos para a reforma do financiamento autonómico, foi conselleiro do Consello Económico e Social de Galicia durante oito anos, e no ámbito universitario foi director do Departamento de Economía Aplicada (2011-2013) e presidente da comisión científica do proxecto Campus dá Auga (2012-2013).

A súa carreira investigadora inclúe a publicación de máis de 75 traballos en revistas nacionais e internacionais e a dirección de máis de 40 proxectos de investigación competitivos, contratos e convenios con empresas, administracións e fundacións, sendo actualmente o coordinador do equipo español do proxecto europeo FRESHER.

Realiza unha intensa actividade nos medios de comunicación, participando como columnista de *El País* e *Faro de Vigo*.



Da comezo o proxecto LitterDrone, que conta coa participación do grupo iMark

O 23 de febreiro tivo lugar a presentación deste proxecto LitterDrone, liderado polo grupo de Procesado de Imaxe e Realidade Virtual (GPI-RV) da Universidade de Vigo e no que tamén participa o Grupo iMark.



Olga Alonso Villar, investigadora de ECOBAS, convidada como experta a unha xornada europea sobre igualdade de xénero

A Catedrática do grupo ECOSOT asistiu o 2 de marzo en Vilna (Lituania) a unha xornada titulada "Experts Consultation on Gender Segregation in Education, Training and the Labour Market" na que participaron 32 expertas/os internacionais.



Linknovate presenta a súa aplicación web de vixilancia competitiva nunha conferencia organizada por ECOBAS

O 14 de marzo celebrouse na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais unha xornada sobre intelixencia competitiva impartida polo CEO e co-fundador da empresa Linknovate, Manuel Noya.



Estréase a Mediateca ECOBAS, dende a que se poden visualizar en aberto os vídeos de seminarios, conferencias e outros eventos organizados pola Agrupación

Está dispoñible dende o despregable do menú "Actualidade" e fai posible o acceso a exposicións sobre diversos temas á comunidade universitaria e investigadora e a calquera persoa que estea interesada.

CONVOCATORIAS ABERTAS E EVENTOS DE INTERESE

CONVOCATORIAS NACIONAIS E REXIONAIS:

Fundación BBVA – *Becas Leonardo a Investigadores y Creadores Culturales*

· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 27 de abril.

UVIGO- *Axudas á Investigación 2017*

· Prazo de presentación de solicitudes: Dependendo da modalidade, ata o 28 de abril/29 de setembro.

Fundación Banco Sabadell- *Premio a la Investigación Económica*

· Prazo de presentación de solicitudes: Ata o 30 de abril.

Fundación BBVA – *Premios Fronteras del Conocimiento*

· Prazo de presentación de solicitudes: Ata o 30 de xuño.

CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS:

CYTED – *Programa Iberoamericano de Ciencia y Tecnología para el Desarrollo*

· Prazo de presentación de solicitudes: Ata o 27 de abril (Redes Temáticas) ou o 11 de maio (Proxectos en Temáticas Estratégicas).

EVENTOS DE INTERESE:

4-6 de xuño: *I Congreso de Historia do Turismo (San Xoán de Poio, Pontevedra)*

8-9 de xuño: *CIEM2017 – 7ª Conferencia Ibérica de Emprendemento (Esposende, Portugal)*

20-21 de xuño: *I Congreso Red Localis (Ourense)*

4-6 de xullo: *XXII Workshop on Dynamic Macroeconomics (Soutomaior, Pontevedra)*